

## **Memoria. Curso 2011-12**

Conforme ao protocolo académico, e como Secretario en funcións do Instituto Teolóxico «San Xosé» de Vigo, correspóndeme facer relación dos acontecementos e actividades acaecidas no noso Centro durante o pasado curso académico 2011-2012.

### **Cursiño de programación**

O curso 2011-2012 comezou antes para os profesores que para os alumnos. O 26 de setembro os docentes asistiron a un cursiño de programación para axudalos a elaborar a programación das súas asignaturas conforme aos criterios establecidos polo Plan Bolonia.

### **Inicio de Curso**

O luns 3 de outubro de 2011 comezaban as clases do curso académico 2011-2012. 13 alumnos e 23 profesores conformaban a comunidade educativa do Instituto Teolóxico «San Xosé» de Vigo.

O mércores 5 de outubro tivo lugar a apertura oficial do curso académico. A xornada comezou coa celebración da Eucaristía presidida polo noso Bispo D. Luis. A lección inaugural correu a cargo do Director do Centro, Dr. D. Guillermo Juan Morado, e tivo por título: «La búsqueda de la Verdad. J. H. Newman - Benedicto XVI».

Rematou o acto o sr. Bispo, destacando a importancia do Instituto Teolóxico de cara á educación dos futuros sacerdotes, á actualización teolóxica do clero e á formación relixiosa dos segrares.

### **Festas de Santa Catarina**

O venres 25 de novembro a comunidade educativa do Instituto Teolóxico «San Xosé» de Vigo celebrou a festividade de Santa Catarina de Alexandría.

A celebración Eucarística, na capela do Seminario Maior, foi presidida polo Director do Instituto Teolóxico, D. Guillermo Juan Morado, que na homilía suliñou a necesidade de capacitarse intelectualmente para ser testemuñas veraces da fe.

Ás 12,45 horas, xa no acto académico, D. Clodomiro Ogando Durán, profesor de teoloxía moral, disertou sobre a Doutrina Social da Igrexa. «30 anos de Maxisterio Social: da “Laborem exercens” á “Nota por unha reforma do sistema financeiro e monetario” do P. C. Xustiza e Paz», foi o título da súa conferencia. As celebracións en honor a Santa Catarina remataron ás 14,15 horas co xantar fraterno presidido polo bispo emérito D. José Cerviño Cerviño.

### **Festa de Nadal**

O mércores 21 de decembro presidiu o tradicional xantar de Nadal D. Jesús Gago Blanco, vigairo xeral, que no momento do brindé final tivo palabras de felicitación para profesores e alumnos.

Cos mellores desexos despedímonos ata o próximo ano.

### **San Tomé de Aquino**

O venres 27 de xaneiro os profesores e alumnos do Instituto Teolóxico «San Xosé» de Vigo, acompañados dun bo número de sacerdotes, celebramos de maneira anticipada a festividade de San Tomé de Aquino. Neste acto rendeuse tamén unha merecida homenaxe a dous profesores eméritos, D. Antonio Hernández Matías e D. Xulio Andián Marán.

Ás 11,30 deu comezo a celebración Eucarística, presidida polo sr. Bispo D. Luis Quinteiro Fiuza e concelebrada polo bispo emérito D. José Cerviño Cerviño. Na homilía D. Luis glosou a figura de San Tomé, singular persoaxe que soubo conxugar profundidade intelectual e santidad de vida.

Ás 12,45, no salón «Abelardo Brañas» D. Xulio Andián abordou o tema da súa «ultima lectio», «Deus amor, amor de Deus. Unha proposta concreta para a nova evanxelización». Recalcou que non quería disertar ou especular sobre Deus, senón deixar un «testamento vital» que resaltase a súa concepción de Deus amor.

Logo da conferencia fíxose entrega dos agasallos aos homenaxeados.

A continuación entrevistou D. Antonio H. Matías quen expresou a súa gratitude a este Centro ao que tantos anos lle dedicou e do que tanto recibiu. Lembrou, con palabras cheas de emoción, o orgullo dun vello profesor seu ao saber que recibira a ordenación sacerdotal. «Este mesmo orgullo siento yo multiplicado por tantos cuantos sacerdotes han pasado por mis aulas a lo largo de 53 años de docencia». Cun «gracias, gracias, gracias» puxo fin á súa intervención.

Rematou o acto o sr. Bispo, quen agradeceu aos homenaxeados tantos anos de dedicación e de entrega. Recalcou a servicialidade discreta pero eficaz de D. Antonio, e a capacidade de D. Xulio para poñer ao servizo de todos a teoloxía renovada nacida do Concilio Vaticano II.

### **Telmus**

No mes de marzo saía publicado o cuarto número da revista «Telmus», anuario do Instituto Teolóxico «San Xosé».

Pouco a pouco vai acadando unha certa madurez e consolídase como revista de estudos eclesiásticos no noso entorno.

### **Ordenación de Diáconos**

O sábado 17 de marzo, na Catedral de Tui, o sr. Bispo D. Luis Quinteiro Fiuza confería a Sagrada Orde do Diaconado a tres alumnos de 6º curso do Instituto Teolóxico: D. Daniel Goberna Sanromán, D. José Antonio Eiró Otero e D. Luís Manuel González Piñeiro. A eles tres uníase D. Santiago Fernández Alarcón, exalumno do Centro e xa na etapa pastoral.

## **Pasamento de D. José Cerviño**

O 18 de abril entregaba a súa alma a Deus D. José Cerviño Cerviño, bispo emérito desta Diocese.

Home sinxelo e pastor cordial, sempre que puido honrou coa súa presenza os actos institucionais celebrados tanto do Seminario como do Instituto Teolóxico.

Co gallo do seu pasamento decretáronse 2 días de loito. Aos actos fúnebres asistiron profesores e alumnos do Centro.

Pro eis in aeternum

## **Vodas de ouro e prata**

O 10 de maio celebrouse a tradicional homenaxe aos sacerdotes que cumpren as súas vodas de ouro e de prata.

Nesta ocasión, entre os homenaxeados atopábanse dous profesores do Instituto Teolóxico: D. Jesús Gago Blanco e D. Uxío Nerga Menduiña, que cumprían respectivamente cincuenta e vinte e cinco anos de ministerio sacerdotal.

Conversaciones de Salamanca

Entre os días 7 e 8 de xuño o Director do Instituto Teolóxico «San Xosé» de Vigo, D. Guillermo Juan Morado, e o Secretario do mesmo, D. José Vidal Novoa, asistiron ás «XXVI Conversaciones de Salamanca» organizadas pola UPSA e que levaban por título: «La enseñanza de la filosofía dentro de la formación teológica».

As xornadas centráronse no estudo e aplicación de documento Decreto de Reforma de los estudios eclesiásticos de Filosofía, publicado pola Congregación para a Educación Católica o 28 de xaneiro de 2011.

O traballo deses dous días terá continuidade na tarefa que debe asumir o noso Centro para levar adiante a reforma dos estudos filosóficos.

Exame de Grao

Entre os días 11 e 12 de xuño os alumnos de sexto curso realizaron os exames de grao para acadar o título de bacharelato en teoloxía.

O tribunal examinador estivo presidido polo Dr. D. Miguel Anxo Pena, profesor da Universidade Pontificia de Salamanca, a quen acompañaron os profesores do noso Centro: Dr. D. Guillermo Juan Morado e Dr. D. Juan Luis Martínez Lorenzo.

O día 11 tivo lugar o exame escrito e o día 12 o oral. Os tres alumnos examinados obtiveron o grao académico.

## **Formación permanente do Clero**

O 15 de xuño a Xunta de Goberno elaborou, a proposta do sr. Bispo, un programa para a Formación Permanente do Clero.

Desde o curso 2012-2013 o aspecto intelectual da Formación Permanente quedará vinculado ao Instituto Teolóxico en relación coa Vigairía do Clero.

### **Autoavaliación do Centro**

No mes de xuño rematouse a redacción do Informe da «Autoevaluación de Centro». O día 7 dese mes entregouse na Secretaría Xeral da UPSA e o 18 deuse a coñecer entre profesores e alumnos do Instituto Teolóxico.

A elaboración deste informe correu a cargo dunha Comisión creada para este fin e que traballou durante todo o curso académico.

O 12 de novembro dous membros desta Comisión, o Secretario do Instituto Teolóxico e o representante dos alumnos, asistiron en Salamanca a un Seminario Informativo organizado pola UPSA sobre o proceso a seguir e os traballos a realizar de cara a elaborar o Informe de “Autoevaluación de Centro”.

A partires do mes de febreiro a Comisión comeza a buscar datos e recoller evidencias coa dobre finalidade de elaborar un Informe que responda á realidade e de implicar a toda a comunidade educativa no proceso autoavaliativo.

O Claustro foi informado da marcha dos traballos nunha convocatoria extraordinaria o 21 de decembro e nas convocatorias ordinarias do 13 de febreiro e 18 de xuño, onde finalmente se entregou o Informe da «Autoevaluación de Centro».

### **Nomeamentos**

No claustro do 18 de xuño os profesores e os representantes dos alumnos votaron, conforme aos Estatutos do Centro, os posibles candidatos para diversos cargos directivos.

O venres 29 de xuño o sr. Bispo asinaba os seguintes nomeamentos:

Director: Dr. D. Guillermo Juan Morado.

Membro da Xunta de Goberno: Lic. D. Jesús Martínez Carracedo.

Bibliotecario: Lic. D. Avelino Bouzón Gallego.

Membros da Comisión de Biblioteca: Lic. D. Xosé Uxío Nerga Menduiña e Lic. D. Leonardo Fuentes Blanco.

Director de Publicacións e da revista «Telmus»: Dr. D. Ángel Marzoa Rodríguez.

Membros da Comisión de Publicacións: Lic. D. Avelino Muleiro García e Lic. D. Juan Andián Marán.

Tamén no Claustro do 21 de setembro foi proposto o Lic. D. Juan José González Estevez como próximo Secretario do Centro.

A todos eles agradecerlles a súa dispoñibilidade, e aos seus antecesores os servizos prestados en favor da institución.

### **Ordenacións sacerdotais**

O sábado 30 de xuño recibían a ordenación sacerdotal na S. I. Catedral de Tui, de mans do Bispo D. Luis Quinteiro Fiuza, os diáconos: D. Ángel Carnicero Carrera, D. Alberto Novoa Vila, e D. José Ángel Outeda André.

Todos eles recibiron a súa formación teolóxica e adquiriron os Graos Académicos neste Centro.

### **Renovación da Afiliación**

O 21 de setembro, na reunión do Claustro, o Director informaba que finalmente se lle concedía ao Instituto Teolóxico "San Xosé" de Vigo a renovación da afiliación á Facultade de Teoloxía da Universidade Pontificia de Salamanca, trámite que estaba pendente desde o curso pasado.

A Congregación para Seminarios e Universidades expresou algunhas reticencias e solicitou algunhas aclaracións a diversos institutos teolóxicos afiliados á UPSA, entre eles ao noso.

A rápida e fundada resposta do Director D. Guillermo Juan Morado, e os contactos mantidos por el en coordinación co noso Bispo, resolveron felizmente esta situación.

### **Altas e baixas**

Dr. D. Diego Pérez Gondar, que pasa a exercer como profesor na Universidade de Navarra.

Padre Eloy Vidal Rodríguez, S.I., por razóns de idade e saúde.

Lic. D. Jesús Gago Blanco, por razóns de idade.

A D. Diego desexarlle o mellor para a nova etapa que comeza e agradecerlle estes anos de dispoñibilidade á Diocese.

Ao Padre Vidal darlle as grazas por tantos anos de maxisterio, por tanta paciencia e pola súa plena implicación e identificación con esta comunidade educativa.

Finalmente recoñecer a enorme tarefa de D. Jesús Gago. Como docente foi introductor da nova teoloxía pastoral no currículum académico. Como rector do Seminario, entre 1997 e 2001, contribuíu decisivamente a facer realidade a tan desexada creación do Instituto Teolóxico. Por tantos anos de dedicación, moitas grazas.

Remato lembrando algo que por obvio non convén esquecer. Detrás desta rápida relación de feitos e acontecementos hai persoas; persoas comprometidas cunha misión, persoas cargadas de esperanzas e ilusións, persoas que queren aportar o mellor de si mesmos para servir á Igrexa e ao mundo.

Que tantos esforzos florezan en abondosos froitos.